

CIENCIAS SOCIAIS

VISITA CULTURAL

Laura e Aldara teñen que facer no colexio un traballo sobre o **patrimonio natural, histórico, cultural e artístico** do seu concello. Para facelo correctamente van ter que percorrer unha serie de lugares como os museos e as igrexas, visitar edificios históricos, investigar sobre o patrimonio natural... E, por suposto, afondarán no concepto de **patrimonio**.

Na tarefa están a descubrir grandes cousas, aínda que o que lles chama especialmente a atención é a etnografía, é dicir, a diversidade cultural do estado español.

Investigando descubriron que en España hai moitos lugares que forman parte do Patrimonio da Humanidade, un programa da UNESCO para preservar lugares (ciudades, bosques, edificios, accidentes xeográficos...) pola súa importancia cultural ou natural.

Laura e Aldara propóñenvos un reto

R

En Galicia, actualmente, contamos con catro bens que forman parte do Patrimonio da Humanidade. Investigade cales son e dividide a clase de xeito que cada grupo estea dedicado a un deses bens.

Teredes que facer unha ficha na que recollades os seguintes datos: tipo de ben (cidade, ben inmaterial, edificio, reserva natural...), localización, data na que se converteu en Patrimonio e breve descrición. Podedes incluír imaxes.

- [Cidades Patrimonio da Humanidade](#)
- [Patrimonio da Humanidade. Galipedia](#)
- [Patrimonio galego da Humanidade](#)
- [Lista do Patrimonio Mundial](#)



[Cidades Patrimonio da Humanidade](http://www.ciudadespatrimonio.org/presentaciondelgrupo/index.php) (<http://www.ciudadespatrimonio.org/presentaciondelgrupo/index.php>)

[Patrimonio da Humanidade. Galipedia](http://gl.wikipedia.org/wiki/Patrimonio_da_Humanidade) (http://gl.wikipedia.org/wiki/Patrimonio_da_Humanidade)

[Patrimonio galego da Humanidade](http://www.levante-emv.com/especiales/turismo/2013/11/patrimonio-gallego-humanidad-n236_18_7069.html) (http://www.levante-emv.com/especiales/turismo/2013/11/patrimonio-gallego-humanidad-n236_18_7069.html)

[Lista do Patrimonio Mundial](http://www.mecd.gob.es/mecd/cultura-mecd/areas-cultura/patrimonio/mc/patrimoniomundial/bienes-declarados/por-ano-de-inscripcion.html) (<http://www.mecd.gob.es/mecd/cultura-mecd/areas-cultura/patrimonio/mc/patrimoniomundial/bienes-declarados/por-ano-de-inscripcion.html>)

O patrimonio clasifícase en natural e cultural:

Patrimonio natural

Constitúeno as paisaxes, a flora e a fauna dun determinado territorio. Segundo a UNESCO, son os monumentos naturais, formacións xeolóxicas e paisaxes naturais cunha relevancia desde diferentes puntos de vista (estético, científico, medioambiental...). Dentro do patrimonio natural distinguimos a reserva da biosfera, reservas nacionais, parques nacionais e monumentos naturais.




Illas Atlánticas

Patrimonio cultural

Constitúeno os bens culturais que a historia nos deixou aos actuais habitantes do planeta. Poden ter importancia histórica, científica, artística, industrial... Á súa vez, este tipo de patrimonio divídese en:

- Patrimonio **material ou tanxible**: é o que o ser humano pode ver e tocar. Divídese en inmovible (monumentos arqueolóxicos, monumentos arquitectónicos, centros industriais, castros, capelas...) e moble (manuscritos, coleccións, pezas de cerámica, pintura...).
- Patrimonio **inmaterial ou intanxible**: é o relativo ás linguas, costumes, relixións, lendas, música...



A UNESCO e a preservación do patrimonio

Hai certos bens que son considerados moi importantes polo que, independentemente do labor de conservación que leve a cabo cada comunidade, faise necesario un labor de preservación controlada.

O organismo que se encarga disto é, como xa viches, a UNESCO. Desde o ano 1972, vela e protexe o patrimonio a nivel mundial, asignándolles a eses bens especiais a etiqueta de Patrimonio da Humanidade.



Para a UNESCO "un Ben declarado Patrimonio da Humanidade é un legado da comunidade internacional e a súa presenza nun determinado país, sobre todo, esíxelle a este un incremento de imaxinación, preocupacións e gastos para conseguir a súa protección e defensa."

Continuamos co reto

R

Agora investiga sobre os bens declarados Patrimonio da Humanidade en España. En concreto, teredes que descubrir catro. Aquí deixamos unha pista para cada un deles:

1. Hábitat que posúe unha das maiores poboacións de garzas da rexión mediterránea.
2. É o macizo calcario máis alto de Europa.
3. Nesta construción podemos ver un dos patios máis famosos de Andalucía: o Patio dos Leóns.
4. Posúe unha das universidades máis antigas de Europa.

Para atopar os bens misteriosos visita o listado do [Patrimonio Mundial de España](#).